



Estimadas familias:

Todos os anos o alumnado admitido para 1º da ESO proveniente dos centros adscritos ao IES Miraflores (CEIP A Rabadeira e CEIP Juana de Vega) e doutros centros realiza unha visita ás nosas instalacións.

Este curso, dende o IES Miraflores, propoñemos de novo realizar unha visita ao noso centro, en quendas e grupos de 25 alumnos/as aproximadamente, acompañados por un (1) dos seus proxenitores/as nas seguintes datas:

MÉRCORES 10 DE XULLO.

10:00.- Alumnado co primeiro apelido do A ao E, ambos incluídos.

12:00.- Alumnado co primeiro apelido do F ao K, ambos incluídos.

XOVES 11 DE XULLO.

10:00.- Alumnado co primeiro apelido do L ao P, ambos incluídos.

12:00.- Alumnado co primeiro apelido do Q ao Z, ambos incluídos.

O obxectivo é que o alumnado de nova incorporación coñeza o funcionamento do centro, as principais normas e as instalacións e, desta maneira, facilitar o proceso de adaptación que terán que realizar no inicio do novo curso. Ademais, será unha boa oportunidade para que se vaian coñecendo.

A actividade constará de dúas partes diferenciadas: unha charla para todo o alumnado e un (1) acompañante, e unha visita guiada polas instalacións en grupos mentres os acompañantes son atendidos por membros do equipo directivo. A duración estimada total é dunha hora e media.

Trátase dunha actividade voluntaria e entendemos as dificultades que pode ocasionar a súa asistencia nestas datas pero non queremos deixar pasar a oportunidade de que poidan participar nela.

Para facilitar a organización da xornada rogamos **confirmen a asistencia ou ausencia no momento da formalización da matrícula, prevista para o 4 e 5 de xullo, ou enviando un correo electrónico a: ies.miraflores@edu.xunta.gal, sempre antes das 14:00 do luns 8 de xullo.**

Se por motivos debidamente xustificados non poden asistir á visita na data asignada, pero poderían nalgunha das propostas, deben facelo constar para **tratar de reubicalo/a** noutra data ou hora.

Un saúdo

A Dirección